

O boletín da biblioteca

O que le non está facendo algo, está facéndose alguén...

Revista informativa da biblioteca escolar do C.E.I.P. Rosalía de Castro - Xinzo de Limia

Decembro de 2010 - Boletín nº 3

LIMIA

De novo... un ano máis que pasou. Aquí estamos para presentarvos o terceiro Boletín da Biblioteca e como nos últimos anos axuntamos unha selección de libros para toda a familia, algunhas ideas para pedirlle aos Reis... en fin, unha chea de cousas para "activar" a nosa "materia gris" que ás veces está a durmir. Disfrutádeo!

SEGUIMOS A FACER, ...

... Xa levamos algúns anos en funcionamento e segue a ser o obxectivo principal da Biblioteca do noso Centro o de medrar en calidade, mellorando os recursos e os equipamentos para integrar e garantir o acceso de toda a Comunidade Educativa á información necesaria para o seu día a día.

Para iso queremos comezar polos máis pequenos de todo o cole, e así púxose en "funcionamento", en colaboración cos profes de E.I., unhas mochilas viaxeiras de "fin de semana" que levarán aos nosos mellores amigos, os libros, polas casas para o disfrute de nenos/as e familia. Que boa idea!



Seguimos coas mochilas viaxeiras nos curso de Primaria, unha experiencia marabillosa de disfrute e responsabilidade. Cada semana un alumno/a leva a mochila con material diverso para el ou ela e a súa familia. De momento, todo un éxito!

Contamos ademais cun blog que serve de fiestra para abrir a Biblioteca a todos/as, amosando actividades que se levan a cabo, á Comunidade Educativa. Abrídeo e veredes que interesante e moderna é a nosa Biblioteca... que tamén está inmersa nas novas tecnoloxías grazas a inestimable colaboración das TIC. Sabíades que podedes comunicarnos grazas a dirección de correo electrónico? Probádeo! A nosa dirección é papacontos@gmail.com

E... todo iso que acabamos de comentar é posible grazas tamén a unha labor de especial adicación por parte dos nenos e nenas do terceiro Ciclo de E.P. Eles adican parte do seu tempo de lecer a coordinar os préstamos dos libros ao resto dos seus compañeiros e prestan toda a axuda que poden, en beneficio de todos. Noraboa rapaces e rapazas! Facédelo estupendamente!

Damos as grazas tamén a tod@s os que dun xeito ou outro traballan arreo para dinamizar este espazo marabillosa que é a nosa Biblioteca.



LIBROS RECOMENDADOS NADAL 2010

Ola, familias:

Dende a Biblioteca do noso cole queremos desexarvos unhas felices festas e recordarvos que esta época en que tantos agasallos damos e recibimos é bo que incluamos entre eles un libro. Esperamos que esta pequena guía vos axude a elixir algúns dos títulos e desexamos que teñades tempo de ler e compartir estas lecturas con toda a familia, en especial cos vosos fillos e fillas.


Educación Infantil



"A máscara do león"

Helga Bansch.
OOO Editora.


Unha historia preciosa, doce, criticando a aquel que non admite as diferenzas, que non respecta a individualidade e que obriga a actuar como a sociedade cre que se debe facer.



"Picurrucho"

Mar Pavón.
OOO edicións.

Fermoso álbum con ilustracións de João Vaz de Carvalho, falanos do absurdos que somos cando decidimos prohibir algo que non se sustenta en ningunha base fiable.




"Os petos de Loreto"

Quentin Blake
Editorial Kalandráka

Loreto ten unha chea de petos. Que gardará no seu interior? Un relato rimado, rebordante de colorido, sobre un divertido personaxe que atesoura os obxectos máis inimaxinables.


1º ciclo de Educación Primaria



"Pinoquio"

Carlo Collodi
Baía Edicións.


Tan pronto como o boneco articulado, de nome Pinoquio, acode a ocupar o seu pupitre da escola, dous tunantes disvádeno do seu obxectivo. Pinoquio déixase entón levar lonxe da súa casa e do seu pai



"Un saco de estrelas"

Maurice Sendak
Editorial Merlín

Levaba sempre un misterioso saco luminoso que semellaba ter dentro a luz de dúzias de estrelas. A todos os insultos, feos coma unha noite sen lúa, a velliña respondía cun sorriso limpo.



"A nena e o grilo".

Magín Blanco
Editorial OOO

Estas cancións alouminan os oídos, pero tamén contan historias. Falan dun país onde as portas sempre están abertas e ningún se sente estranxeiro. Alí viven unha nena azul e mais un grilo que, para escapar do aburrimiento, inventan mil pasatempos.

2º ciclo de Educación Primaria




Florentino, o príncipe Quino
G. Sánchez
Ed. Xerais

No país dos porcos o máis porco de todos era o rei Martiño, feliz coa raíña Morriña, ata que ao ir medrando o seu fillo Quino, déronse conta que tiña unhas manías algo raras...



"Un tren cargado de misterio"
Agustín Fernández Paz
Ed. Xerais.

Dende a fiestra do seu cuarto, Ana ve pasar o tren todos os días. Un tren que nunca para, porque onde vive non hai estación, pero un día o tren detense preto da súa casa e Ana sobe a el. Non sospeitaba as aventuras que ía vivir dende ese momento.



"40 enigmas para fanáticos del fútbol"
Silke Moritz
Ed. Anaya

Cada un dos 40 casos que se presentan teñen o fútbol como protagonista. Presentan un enigma que o lector terá que descubrir. Para todos os que disfrutan poñendo o seu cerebro a funcionar e teñan un espírito curioso

3º ciclo de Educación Primaria




'Ahora que lo pienso'
W.A.A.
Ediciones Sm

Se es curios@ comeza a lelo e descubrirás que para moitas preguntas aparentemente complicadas existe una resposta sinxela.



"Ás de mosca para Anxo"
Fina Casallerrey
Editorial Anaya

¿Chegará algún día no que poida existir unha convivencia feliz entre os seres humanos máis alá das diferenzas de ideas ou capacidades?



"Hasta (casi) 100 bichos"
Daniel Nesquens
Editorial Anaya

O libro analiza un montón de animais en clave de humor. Divertiraste ao mesmo tempo que aprendes cosas do mundo animal.

Para nós, pais, mestres e titores ...




"Los ojos amarillos de los cocodrilos"
Beatriz Palt

Esta novela é a historia dunha mentira, pero tamén é unha historia de amor, de amizade, de traizón, de diñeiro, de soños... esta chea de risas e de bágoas. Esta novela é coma a vida mesma



"Disciplina eficaz para niños de 2 a 12 años"
Dolores Rico Oliver
Editorial Alfaguara

Estratexias para manexar o comportamento infantil sen discusións nin gritos



"Ansiedades y miedos"
Jose Carlos Carmona

Dividido en catro capítulos, este libro aborda dunha forma sinxela e coloquial os temores e ansiedades máis comúns na infancia

COSTUMES E TRADICIÓN DE NADAL

Nos celtas existía o costume chamado "*das Velas do Nadal*". Esta era unha tradición que consistía en manter unha vela acesa en honor á deusa *Nái Terra* durante o solsticio de inverno, usando os restos da vela do ano anterior.



Debía arder durante doce horas para traer boa sorte. Como orixe desa tradición xurdiu unha das tradicións máis antigas e de maior raigame en Galicia: o chamado "*Cepo do Nadal*".

Esta tradición foi moi común especialmente en Lugo y Pontevedra.

O "*Cepo do Nadal*" era unha cepa grande de madeira boa, de carballo xeralmente, que se botaba no lume da lareira para que ardese durante toda a noite. Nalgunhas comarcas tamén se usaba o chamado "*Lume novo*" (as brasas deste lume, facíanse nas lareiras das casas queimando toxo ou leña miúda, despois eran benditas o Sábado Santo no adro da igrexa. Gardábanse porque daba boa sorte á familia e acendíanse na noite do Nadal).

Á calor e á luz deste lume xuntábase a xente e cantaban panxoliñas, contaban historias da

Santa Compañía, de mouros, serpes, encantos, contos de rir, etc... mentres os nenos xogaban. Pensábase que as ánimas da familia estaban presentes esa noite arredor do lume.

Este *cepo do Nadal* era moito máis que o alimento do lume dunha noite do ano. Os carbóns que facía non se quindaban, gardábanse nun curruncho da casa por teren propiedades máxicas. Cando tronaba, tanto nas treboadas de verán como no anaco de inverno que aínda quedaba por vir, collíase borralla do cepo de Nadal e botábase de novo á lareira, para que se fixesen brasas novas e espantasen os tronos.

Coñeces este personaxe?

Nas vilas de Galiza estase a recuperar o mítico personaxe do Apalpador, un home que vivía nas altas montañas das serras orientais de Galiza e que nos días do Nadal baixaba ás aldeas e vilas dos vales para apalparlles a barriguiña ás meniñas e aos meniños por ver se comeran ben durante todo o ano, achegándolles castañas e agasallos feitos á man.



SUDOKU

7		6	3	9	8		1	4
2				5			8	3
	9	8				6		5
	3		4	1		8		
	6		8	7	3	5	2	
8		7		2		4		
6		3		8	5	7		9
1	8		7	6		3	5	
4		5			2	1		

Xogos on line para pequenos e grandes

<http://www.cunavidad.com/juegos-navidad.htm>

<http://www.navijuegos.com/>

<http://www.j-u-e-g-o-s-online.com/Juegos-Navidad/>

<http://www.unapartida.com/categorias/navidad.html>

Podedes ver no cine

